



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1. Retos e esperanzas

Van aló días, semanas e meses desde o noso último encontro nestas páxinas. Un verán longo, cheo de nomes, feitos e apaixonamentos. A pandemia está sendo superada, polo de agora, iso parece; a vida recupera certa frescura e espontaneidade, somos cada vez máis nós mesmos, nós mesmas, coas nosas grazas e desgrazas. Oxalá sexamos quen de lle dar cara aos moitos retos que a Covid-19 nos deixa enriba da mesa! Oxalá nos provoque a unha fonda aposta de irmandade: comungamos na enfermidade, na dor, na morte, nas restricións; comungamos entre nós e, co seu aquel, tamén entre as diferentes comunidades de España; comungamos en todo isto, aínda que menos, co resto dos países do mundo. Pois que saibamos comungar tamén

no afán apaixonado por abrir oportunidades a cada quen, sobre todo a aquelas persoas ou grupos sociais e países que máis feridos están quedando por todo o vivido. Que aprendamos a mimar ata o extremo o servizo público da saúde e a quen o atende e defende.

O verán tamén nos ofreceu a triste película viva de fazañas bélicas en Afganistán. Unha fuxida co rabo entre pernas, un fracaso de coiro a coiro da política exterior estadounidense e das nacións que máis ou menos docilmente a seguimos. Dous billóns de dólares e 2.500 mortos, USA; catro mil millóns de euros e máis de 100 mortos, España; e balances similares dos outros países da coalición. A comunicación de Biden afirmando que non foran a Afganistán intentando cambiar nada, senón só para axustar

contas cos supostos causantes do derrube das Torres Xemelgas, é dicir, por vinganza, e así autoprotexerse, resultou clarificadora, pero patética. Triste futuro para o pobo afgán, para as mulleres sobre todo! De fondo a lección nunca aprendida de que, cando as decisións políticas obedecen a estratexias de poder, tamén económico, as cousas dan no que dan. De fondo tamén unha radicalización islámica, froito das propias tolemias e de tanto desprezo sufrido. Quen si gañou e abondo, curiosamente, foi todo o emporio do armamento e da guerra. E, a todo isto, Haití aí de novo derruído e esquecido. Cantas miserias se repararían coa milésima parte do investido inutilmente en Afganistán! Ai, canto do talante vital de Francisco, o de Asís, nos cómpre na hora presente! Canto tamén da *Fratelli tutti* do papa Francisco está por estrear!

2. Que dicimos os homes de nós mesmos?

Por máis que pasase tempo, non queremos esquecer a pregunta que o escritor galego Suso de Toro se facía a si mesmo

como home, e con el a todos os homes. Formulábaa el naqueles días tráxicos de primeiros de xuño, cando un home, Tomás Gimeno, recolle as súas fillas de seis e dous anos, Olivia e Anna, mátaas e afúndeas nas augas das costas de Tenerife, para despois, suponse, facer o mesmo consigo. Todo dentro dese formato de asasinato vicario tan repetidamente practicado sobre todo por homes. Feito tráxico asegundado por outro non menos tráxico no que un mozo de 21 anos recoñece ter matado a súa antiga parella de 17 coa que tivera un fillo; esnaquiza o seu corpo para o tirar ao lixo. E así, unhas tras doutras, nas mans de vellos, adultos e mozos, nunha secuencia imparabile que nos di que non estamos aprendendo case nada.

«E os homes que temos que dicir?», preguntábanos logo Suso de Toro; «que debemos pensar de nós?» Sorprendeume que naqueles mesmos días, con todo isto fresco no corpo e na alma, cando Plácido Domingo se presenta para iniciar un concerto en Madrid, o público apláudeo durante varios minutos, xa antes de cantar, obviamente como para exculpalo

de acusacións machistas que el mesmo só ousara relativizar. Sorprendeume tamén que non se suspendese a apaixonada manifestación contra os indultos a políticos cataláns e se substituíse por outra unitaria contra o machismo; ao que se ve, só a va sospeita de que unhas fronteiras puidesen ser modificadas pesaba máis, infinitamente máis, do que o cancro dos feminicidios.

Que pensamos de nós os homes? Penso, falo por min, desde min, que somos machistas. Que levamos o machismo aló no fondo, coma un potente e falso elemento de identidade persoal, coma un insaciable monstro devorador. Que nos vemos máis, nos prezamos máis, nos chufamos máis. Que estamos por nacemento empoderados, aínda que logo a vida nos vaia dando nos fociños. Que a carón de quen se impón polas bravas, está, estamos, quen o fai mansiñamente, erguendo a voz dous tons, cortando a conversa cun «veña, xa está ben», cunhas maneiras mamadas de marcar o territorio, tal coma os cans que o fan simplemente erguendo a pata e mexando. Que todo isto está vivo, que os modelos cul-

turais se repiten, que igual van indo algo a menos, pero que o mal perdura, para desgraza dos mesmos homes que o asumimos falseándonos, e sobre todo para desgraza das mulleres que o teñen que tolerar e sufrir ata coa mesma morte tantas veces.

E na mesma Igrexa reproducimos moitas veces os mesmos esquemas, ás veces incluso cunha especie de denigrante sacralización do rebaixe da muller: es menor porque Deus te quere menor; non tes opción a certos cargos, servizos e ministerios, porque Deus por principio te excluíu deles. E para que xa, por exemplo, perder o tempo en modificar os nosos textos litúrxicos, catequéticos, teolóxicos, para facelos inclusivos! Deus nos colla confesados!

3. O Sínodo dos Bispos dentro dunha Igrexa sinodal

Van 56 anos desde que Paulo VI botase a andar o Sínodo dos Bispos no 1965. E foron xa 15 os tales Sínodos celebrados ata o momento desde aquel primeiro do 1967. No seu decurso houbo momentos meritorios e outros que non o foron tanto. Percibíase certo esgotamento, falta

de vitalidade, froito, disque, de que as cousas estaban moi centralizadas e acabábase dicindo o que desde arriba se quería que se dixese.

Para buscar unha saída a esta situación, o Papa Francisco, desde a constitución apostólica *Episcopalis Communio* (2018), apostou por unha Igrexa sinodal como marco onde desenvolver os Sínodos e por facer destes un proceso máis ca un evento, para permitir que todo o pobo de Deus puidese participar nel, seguindo o xa clásico, pero moi teórico principio, de que «o que interesa a todos, por todos debe ser debatido», sen diferenza de clase, raza ou sexo. Esta iniciativa papal foi acompañada por dous feitos históricos significativos: o Sínodo aínda en activo da igrexa alemá, que leva a participación do pobo de Deus a niveis realmente serios, que suscitaron as críticas de sectores conservadores (xa temos comentado estes feitos nestas páxinas), e a recente renovación e reestruturación en clave tamén sinodal do Consello Episcopal Latinoamericano, levada a cabo na súa 38.^a Asemblea, celebrada entre o 18 e o 21 do pasado maio.

Todo o cal ten como consecuencia que a próxima Asemblea do Sínodo dos Bispos, a XVI, titulada *Por unha Igrexa sinodal: comunión, participación e misión*, debaterá este temario coas seguintes fases e desenvolvemento: 1.º. Apertura do Sínodo no Vaticano os días 9-10 de outubro do 2021, e o 17 en cada diocese. 2.º. Fase diocesana para consultar a todo o pobo de Deus valéndose dun documento preparatorio e cuestionario; as conclusións de cada diocese serán remitidas a Roma para a elaboración dun «instrumento de traballo», que se publicará en setembro do 2022. 3.º. Fase continental para dialogar sobre o «instrumento de traballo»; remitirán as súas achegas á Secretaría Xeral do Sínodo en marzo do 2023. E 4.º. Fase universal, que se celebrará en Roma en outubro do 2023.

A intención é boa e soñadora, pode marcar un antes e un despois eclesial. Parte do convencemento de que a comunión eclesial ou é sinodal ou non é tal comunión. O seu éxito dependerá en boa medida do convencemento co que, desde o primeiro momento, se lle dea voz ao pobo cristián; de que non

se burocraticen os momentos de participación, de que os documentos feitos teñan vida logo na secuencia vital da Igrexa, pois de documentos apagados non andamos nada mal.

4. A revolta de Marx

O 2 do pasado xuño promulgouse a reforma do *Código de Dereito Canónico* (CDC), no referente ao Libro VI do mesmo que versa sobre os procedementos penais na Igrexa. Pechando o listado de delitos posibles está o que afecta á vida, á dignidade e á liberdade do ser humano. E aquí fálase do homicidio, do aborto e dos abusos sexuais.

Hai que dicir que esta reforma do CDC foi promovida polo Papa Bieito XVI no 2007, que se lle encomendou ao Pontificio Consello para os Textos legislativos e que se levou a cabo unha consulta á Igrexa universal para chegar á presente redacción. Pretende ser fiel a estes tres criterios: restablecemento das esixencias da xustiza, emenda do reo e reparación dos escándalos.

No referente ao tema dos abusos sexuais, amplía o tempo

de prescrición do delito a 20 anos (en lexislacións civís estanse poñendo 30 ou 35 anos) e contempla que a persoa que abusa poida ser expulsada do estado clerical (a tolerancia cero da que se falara no encontro universal no Vaticano do 2019 implicaba que automaticamente quen así procedese fose expulsado do mesmo). Hai quen valora moito esta reforma do CDC, pero tamén hai quen considera que, sobre todo no caso dos abusos sexuais, a cousa quedou moito a medio camiño. Tal é a opinión de Marie Collins, unha activista ao respecto, a quen o Papa Francisco elixiu membro da Comisión Pontificia para a Protección de Menores.

Pero o que acaparou a atención eclesial e non eclesial por esas datas sobre do tema dos abusos sexuais non foi a tal reforma, senón a carta de dimisión que o cardeal alemán Reinhard Marx lle enviou ao Papa xa o 21 de maio, aínda que se fixo pública o 4 de xuño. Unha carta impresionante, digna de ser lida e meditada por cantas persoas facemos a Igrexa. Permitímonos reproducir os tres primeiros parágrafos, en versión ao galego ofrecida por X. Portas Ferro:

«Sen dúbida, a Igrexa en Alemaña está a pasar por tempos de crise. Certo que hai para iso –tamén fóra de Alemaña, en todo o mundo– moitos motivos, que non teño que expor aquí polo miúdo. Porén a crise está causada tamén polos nosos propios fallos, pola nosa culpa. Isto téño cada vez máis claro no referente á Igrexa Católica en conxunto, non soamente hoxe, senón tamén nas últimas décadas. Estamos –é a miña impresión– en certo ‘punto morto’, que porén tamén pode, é a miña esperanza pascual, converterse nun punto de inflexión. A ‘fe pascual’ tamén rexe para nós os bispos no noso oficio de pastores: Quen quere gañar a súa vida, pérdea; quen a perde, gáña.

Desde o ano pasado, levo reflexionado moito sobre o que isto significa tamén para min persoalmente e –animado polo tempo pascual– cheguei á resolución de pedirlle que acepte a miña renuncia ao cargo de arcebispo de München e Freising.

En esencia, do que se trata para min, é de facerse corresponsábel na catástrofe do abuso sexual por ministros da Igrexa

nas últimas décadas. As pescudas e ditames dos últimos dez anos amosan, para min coherentemente, que houbo moitos fallos persoais e erros administrativos, aínda que tamén fallos institucionais ou ‘sistémicos’. Os debates da última etapa amosaron que algúns membros da Igrexa non queren admitir precisamente este elemento da corresponsabilidade e, canda el, da culpa compartida da institución e, por iso, opóñense a calquera diálogo de reforma e renovación no contexto da crise dos abusos. Eu véxoo decididamente doutro xeito. Cómpre considerar ambas cousas: os erros persoalmente imputábeis e máis o fallo institucional, que reta a cambios e á reforma da Igrexa. Un punto de inflexión a partir desta crise, ao meu ver, só o pode ser un ‘camiño sinodal’, un camiño que realmente posibilite o ‘discernimento de espíritos’, como vostede unha e outra vez ten remarcado e subliñaba na súa carta á Igrexa en Alemaña».

No resto da carta, breve, insiste sobre todo neses «fallos institucionais ou sistémicos», dos que somos responsables, a diferentes niveis, todos os

que facemos a Igrexa. Asumir esa responsabilidade supón para el algo máis que aplicar unhas sancións a quen delinca; implica renunciar e traballar por unha fonda revisión de todo o sistema eclesial, que se deberá facer, segundo el, dunha maneira fortemente sinodal.

Vinte días tardou o Papa Francisco en contestar a solícitude de Marx en carta en castelán tamén digna de ser lida e meditada. Asume practicamente toda a súa argumentación. Admite que «pídesenos unha reforma que –neste caso– non consiste en palabras, senón en actitudes que teñan o coraxe de se poñer en crise, de asumir a realidade sexa cal sexa a consecuencia. E toda reforma comeza por un mesmo. A reforma na Igrexa fixérona homes e mulleres que non tiveron medo de entrar en crise e en se deixar reformar a si mesmos polo Señor.»

E afirma nun parágrafo que copiamos integramente: «É urxente «ventilar» esta realidade dos abusos e de como procedeu a Igrexa, e deixar que o Espírito nos conduza ao deserto da desolación, á cruz e á resurrección.

É o camiño do Espírito o que debemos seguir, e o punto de partida é a confesión humilde: equivocámonos, pecamos. Non nos salvarán as enquisas nin o poder das institucións. Non nos salvará o prestixio da nosa Igrexa que tende a disimular os seus pecados; non nos salvará nin o poder do diñeiro nin a opinión dos medios (tantas veces somos demasiado dependentes deles). Salvaranos abrir a porta ao Único que pode facelo e confesar a nosa nudez: «Pecamos», «pecamos»... e chorar e balbucir como poidamos aquel «arrédate de min que son un pecador», herdanza que o primeiro papa deixou aos papas e aos bispos da Igrexa. E daquela sentiremos esa vergonza curadora que abre as portas á compaixón e a tenrura do Señor que sempre nos son próximas. Como Igrexa debemos pedir a graza da vergonza, e que o Señor nos salve de ser aquela prostituta desvergonzada de Ezequiel 16». (Cómpre reler este potente capítulo de Ezequiel para entender a intensidade do que o Papa afirma.)

En todo, logo, concorda o papa Francisco co cardeal Marx, menos en aceptar a dimi-

sión solicitada. «E esta é a miña resposta, irmán querido. Continúa como o propós, pero como arcebispo de Munick e Frisinga. E, se che vén a tentación de pensar que, ao confirmar a túa misión e ao non aceptar a túa dimisión, este Bispo de Roma (irmán teu que te quere) non te comprende, pensá (sic) no que sentiu Pedro diante do Señor cando, ao seu xeito, lle presentou a renuncia: «Arrédate de min que son un pecador», e escuchá (sic) a resposta: «Pastorea as miñas ovellas».

Pensamos que aceptar a dimisión suporía, en coherencia, ter que presentar a propia dimisión como papa; dentro desa lóxica da culpabilidade sistémica, quen asume a última responsabilidade é o líder do grupo. Dalgunha maneira, sen razoalo deste xeito tan espido e construtivo, non foi iso o que fixo o papa Bieito XVI coa súa renuncia?

Estamos ante algo que nos implica, que nos interroga a todos na media en que nos sintamos Igrexa. Seguen aparecendo entre nós casos de abusos, e iso que parece que en España non demos o paso a unha investiga-

ción exhaustiva. Por non falar dos centos e centos de cadáveres de criaturas aparecidos nos arredores de institucións relixiosas católicas en Canadá, feito castigado alá por revoltas populares e mesmo queimas de igrexas. A pena maior, merecida, é a do desprestixio social, a falla de fiabilidade, a desafección manifesta. «Que –como imploraba o Papa– o Espírito nos conduza ao deserto da desolación, á cruz e á resurrección». Que xa o está facendo.

5. A voltas co «ditoso» sexo

Como ben sabe quen lea este título, a palabra *ditoso* ten entre nós unha dobre acepción. Pode ser simplemente ditoso porque é fonte de dita, de moita dita, ou pode ser ditoso por ser algo que xa causa aburrimiento. Entendo eu que a sexualidade é unha marabilla antropolóxica, carnal e espiritual polo tanto, chamada a ser vivida con pracer e a ser coidada con solicitude na súa ampla variedade de formas e funcións.

Ás claras ou con sixilo a sexualidade sempre foi cuestión viva, quente. Nestes últimos meses estao sendo polas novas

lexislacións saídas ou por saír ao redor do feito LGTBI. A finais de xuño aprobábase en España a lei «Trans», para acompañar e facilitar o paso á condición sexual que unha determinada persoa cre que é a súa, aínda que corporal e legalmente fose recoñecido con outra. A lei facilita este tránsito dos 12 aos 14 anos con autorización xudicial; dos 14 aos 16 coa asistencia de proxenitores ou titores, e de 16 en diante por si mesmos, sen informes médicos, sen procesos previos de hormonización.

A maiores, a lei contempla tamén outros aspectos, entre os que consideramos especialmente importantes a prohibición das terapias de conversión homosexual, aínda que a persoa ou os seus titores legais dean o consentimento; o dereito á técnica reprodutiva asistida; a diversidade LGTBI como nova especialidade no campo docente e a súa introdución no temario escolar. Cómpre subliñar tamén o capítulo de sancións por comportamentos contrarios ás liñas marcadas pola lei, que van dos 200 aos 150.000 €.

O contexto no que vivimos non é tan facilitador como

aparenta. A lexislación neste caso vai moito por diante do sentir e actuar de moita xente. O caso do mozo Samuel asasinado na Coruña é un exemplo entre moitos. Aínda á xente en principio máis aberta nos queda ese remol preventivo aló no fondo. Moito cómpre andar para chegar a unha normalización no trato, na vida. Pensamos, por outra banda, que sería moi bo que o necesario respecto ás identidades sexuais de cada quen fose acompañado sempre por unha consistente formación cara ao descubrimento, iniciación e desenvolvemento da vida sexual. A familia, a escola, a sociedade no seu conxunto temos un importante papel a cumprir, pois a vida sexual sen dúbida segue a ser un tesouro fabuloso contido tamén en vaixelas de barro, que moitas veces escachan. Menos nisto ca en ningunha outra realidade humana debería valer aquilo de usar e tirar.

Quitada a arroutada dalgún bispo, que xa nin queremos nomear, a Igrexa, que saibamos, non se manifestou oficialmente ao respecto. Si que o fixo, en cambio, ata o mesmo Vaticano ante o que en Italia chaman a

lei «Zan» (apelido do deputado impulsor da lei), pois considera que certos artigos desta lei, aprobada xa na Cámara dos Deputados, pero aínda non no Senado, poden levar a considerar delito algunhas manifestacións ou mesmo doutrinas eclesiásticas sobre das persoas LGTBI, cousa que afectaría ao Concordato. Mario Draghi, presidente do goberno, respondeu á queixa do Vaticano afirmando que Italia era un país laico.

Nesta orde de cousas, creou conflito na Unión Europea, aínda que non sorpresa, a lei LGTBI do 15 de xuño pasado en Hungría, presidida polo ultra conservador Viktor Orbán, na que, entre outras cousas, prohibe falar de nada relacionado co tema LGTBI en todo o proceso educativo ata os 18 anos. Podemos imaxinar o estigma persoal e social que iso pode xerar. En cambio, sorprendeu, positivamente ao noso ver, a decisión do Vaticano, publicada recentemente, de lle quitar nome e apoio eclesial á organización española «Verdad y libertad», dedicada á «curación» de tendencias homosexuais. Trátase esta dunha organización civil, non eclesiástica, pero que

recibía o *placet*, e algo máis, dunha boa presa do bispos empeñados na comprensión da homosexualidade como unha enfermidade que ten cura. Concorde así, en parte, coa nova «lei Trans» do Parlamento español, que prohibe e sanciona esas prácticas.

6. Ai, válenos, nosa Señora do Carme!

Foi o 16 de xullo, festividade da nosa Señora do Carme, cando o Papa Francisco firmou o *Motu proprio* «*Traditionis custodes*» sobre o uso da liturxia romana da reforma do 1970; propiamente habería que dicir que versa sobre o non uso desa liturxia romana –na que case todo o mundo católico participa– por parte de persoas e grupos que entenden que a verdadeira tradición litúrxica é a representada polo Misal do 1962, anterior ao concilio Vaticano II.

Para intentar atraer o movemento cismático dos lefebvrianos, que empregou a celebración eucarística tradicional como un emblema do seu rexeite a toda a proposta de renovación conciliar do Vaticano II, para con-

tentar tamén persoas e grupos católicos que se desenvolvían en sensibilidades próximas, primeiro o papa Xoán Paulo II co seu *Motu proprio* «*Ecclesia Dei*» (1988) e logo Bieito XVI co *Motu proprio* «*Summorum Pontificum*» (2007) permitiron que houbera persoas e grupos que puidesen celebrar a Eucaristía desa maneira. Moi posiblemente, un grande erro. Mesmo chegaron a consentirse parroquias persoais, é dicir, grupos de xente que co liderado dalgún crego seguen ese modelo de celebracións e, ademais, desenvolven unha maneira de facerse e ser Igrexa no mundo con criterios anteriores ao Concilio.

As imaxes que mellor os representan son esas fotos dun celebrante misando de costas á xente, sempre e todo en latín, orientado (é dicir, ollando cara o oriente), vestido con indumentaria barroca, rodeado de abundante clerecía e de nubes de incenso. Para a xente que tal practica, esa é a forma máis perfecta de achegarse ao sagrado e de celebralo e de deixarse coller pola súa presenza misteriosa. Poderíamos falar moito do que ese formato de celebración nos suxire,

pero quedémonos en que está enchoupado de clericalismo. Houbo e hai personalidades eclesiásticas significativas que simpatizan con estes modelos de celebración e de vida; quizais o máis rechamante é o cardeal Roberto Sarah, curiosamente prefecto da Congregación para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos desde o 2014 ata hai pouco tempo.

Pois ben, Bieito XVI, cando no 2007 deu facilidades para que avanzase este modelo de celebracións, dispuxo que á volta de 3 anos se fixese unha valoración da práctica. Pero foi no 2020 cando se fixo esa valoración despois dunha consulta a todo o episcopado, e dos resultados da mesma chegouse á conclusión de que era un fenómeno litúrxico que cumpría regular, sobre todo porque se estaba convertendo nun medio para vivir e fomentar o rexeite cara á renovación do concilio Vaticano II, e moi en concreto nun niño de oposición ás propostas evanxelizadas do papa Francisco. En definitiva, un camiño de ruptura coa comunión eclesial. E isto é o que xustifica o *Motu proprio* que comentamos.

O escrito é breve e moi preciso nas normas que sinala. Os libros promulgados despois do concilio Vaticano II son a única expresión da *lex orandi* (a norma de oración) do Rito Romano, é dicir, católico (Art. 1). O bispo é quen debe velar polo ordenamento litúrxico na súa diocese, e só el pode autorizar o uso do vello Misal do 1962, aténdose ás orientacións da Sede Apostólica (art. 2). Se hai grupos na súa diocese que usan o ritual antigo, debe o bispo mirar se eses grupos exclúen ou non a validez e lexitimidade da reforma litúrxica posterior ao Vaticano II (Art 3, 1), indicar lugar e días nos que poderán celebrar a Eucaristía (nunca nas igrexas parroquiais e sen que se erixan novas parroquias persoais), na que as lecturas serán sempre en lingua vernácula (Art 3, 2-3). O bispo nomeará un sacerdote que se encargue desas celebracións e da atención das persoas deses grupos, con formación axeitada para iso: bo coñecemento do latín, solicitude pastoral e sentido de comunión eclesial (Art. 3, 4). O mesmo bispo valorará se cómpre manter ou non esas parroquias persoais (Art. 3, 5).

E non autorizará a creación de novos grupos (Art. 3, 6).

Se algún crego ordenado despois deste *Motu proprio* quere empregar o vello Misal, solicitarao ao bispo, que deberá consultar a Sede Apostólica para poder autorizar (Art. 4); e os cregos que xa viñan celebrando conforme a ese rito deberán solicitar autorización do bispo para o seguir facendo (Art. 5).

E seguen tres artigos máis. Está claro que a intención papal é frear e a curto prazo acabar con esa forma vella de celebrar a Eucaristía. Concordamos con esta decisión. Como en tantas outras cousas, o que se chama tradicional non responde á máis enxebre tradición orante; a maiores, a tradición é sempre algo vivo que debe ter en conta o don e enriquecemento de cada etapa histórica, e non se pode manipular unha forma de celebrar ata convertela en ariete contra toda unha revisión da presenza da Igrexa no mundo que recibiu un forte aval eclesial nun gran concilio universal como foi o Vaticano II. E iso non quita que todas as comunidades teñamos que revisar as formas, os textos,

os ambientes, a implicación, a coherencia de vida de quen celebramos conforme ao Rito Romano ordenado. As nosas celebracións son adoito sumamente fráxiles, porque fráxiles son tamén as comunidades que as realizamos. Pero isto xa son augas doutro caneiro.

Moito sospeitamos que esta medida papal vai suscitar duras tensións, e non serán poucas as persoas e grupos que se manteñan nas súas, precisamente porque aquí está en xogo algo máis, moito máis do que un simple ritual litúrxico. Por iso, que a nosa Señora do Carme nos valla!

7. Salvar a fraternidade

«Salvar a Fraternidade - Xuntos. Un chamamento á fe e ao pensamento». Tal é o título completo do interesante chamamento dun grupo de once teólogos vinculados á Pontificia Academia para a Vida. «A nosa proposta –afirman– é recoller o sentido profundo desta provocación definitiva (refírense á publicación da *Fratelli tutti*) dirixida a unha Igrexa necesitada dunha urxente apertura e a un mundo tentado de se

pechar– inaugurando o clima dunha “fraternidade intelectual” que rehabilite o alto sentido de “servizo intelectual” ao que os profesionais da cultura –teolóxica e non teolóxica– se deben en ben da comunidade».

O chamamento consta dunha primeira reflexión en tres tempos (1. O *kairós* actual da fe. 2. Os signos globais da crise. 3. A teoloxía, ben común), seguida dun «chamamento aos Discípulos», dirixido especialmente a persoas de Igrexa, e dunha «Carta aberta aos Sabios», dirixida esta aos intelectuais do noso tempo que non teñan vinculación relixiosa. O escrito vai acompañado dun epílogo, que ben podería ser prólogo, de Vincenzo Paglia, Presidente da Pontificia Academia para a Vida.

Este comunicado ten a súa historia que cómpre coñecer aínda que sexa con suma brevidade. A Pontificia Academia para a Vida foi creada no ano 1994 polo papa Xoán Paulo II coa finalidade de estudar, formar e informar sobre os principais problemas da biomedicina e o dereito relativos á promoción e á defensa da vida,

cunha incidencia especial no nacemento e na morte. Progresivamente foise abrindo a unha «bioética global», que ten en conta todos os condicionamentos que afectan á vida e a un desenvolvemento digno da mesma.

No 25.º aniversario da súa fundación, o 6.01.19, o papa Francisco dirixiu á Academia unha carta titulada *Humana communitas*. Nela ofrecía razóns e criterios para unha nova maneira de ofrecer o servizo teolóxico nun contexto aberto de diálogo e de participación con outros axentes do humanismo. Un texto magnífico, ao noso ver, aberto, lúcido, propositivo. A esta carta respondeu a Academia o 22.07.20 cun escrito titulado *Humana communitas na era da pandemia: consideracións intempestivas sobre o remate da vida*, pretendendo situar a carta do Papa no contexto da pandemia. E á carta do Papa responderon tamén os dez teólogos autores de «Salvar a Fraternidade», dando xa un primeiro paso en liña coas propostas por el suxeridas

É doado acceder mediante internet a este escrito e tamén

á carta do Papa que o provocou. Pensamos que paga a pena lelo con calma. Nese chamamento á fraternidade intelectual avógase por unha maneira nova de facer teoloxía, menos dada a moverse no seu intra mundo e máis atenta ao que comove a sociedade, en diálogo con outros pensadores que estean preocupados polos acontecementos que pretenden marcar o noso presente e o noso futuro; unha maneira nova de vivir e compartir a fe no mundo presente.

8. A COP 26 en Glasgow

As COP son as Conferencias de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que se veñen celebrando desde o ano 1995 ata o presente. A primeira foi en Berlín. No 2020 suspendeuse. En España celebrouse só unha vez, no 2019, a COP 25, e fíxoo no canto de Brasil, porque o presidente Bolsonaro, elixido había pouco, retirara Brasil como país anfitrión; acordaron que fora en Chile, pero tamén Chile renunciou polas protestas da poboación e finalmente España ofreceu a súa capital, Madrid, como lugar de celebración.

As Nacións Unidas veñen insistindo con tenacidade na necesidade de buscar unha solución eficaz aos problemas do cambio climático, pero case desde o primeiro estas conferencias víronse encerelladas cos intereses económicos das economías máis poderosas, empezando xa por EE.UU. De feito, cando no 1997 se consegue firmar o tan falado Protocolo de Kioto, que garantía unha redución nas emisións dos gases de efecto invernadoiro, o Senado norteamericano négase a ratificar o alí firmado polo presidente Clinton. E a partir desas case todo foi un constante querer e non querer.

Coñecemos o grande interese do papa Francisco polo coidado da Casa Común dentro dunha ecoloxía integral, ben demostrado coa publicación da encíclica *Laudato si'* no 2015. E agora convocou un encontro en Roma para o día 4 de outubro (coincidindo coa festividade de San Francisco), ao que están invitados corenta líderes relixiosos de todo o mundo, xuntamente con dez significados especialistas. Nese encontro abordarase o tema «Fe e ciencia cara á COP 26». O plan é subli-

ñar e ofrecer a contribución das relixións ao esforzo por resolver o problema do cambio climático —por iso de que as relixións teñen unha percepción integral da realidade, da vida humana—, levando a Glasgow as conclusións deste encontro previo. E parece que o mesmo papa Francisco podería ser quen presentase no COP 26 estas achegas.

9.- A ameaza ou bendición dunha Igrexa remol

O pasado 24 de xullo, formando parte dun grupo folclórico galego, vilalbés, *Entre lusco e fusco*, puideron asistir como músico e como crente á celebración da festa de Santiago na capeliña de Ventas de Narón, Portomarín (Lugo). O termo «Ventas» fálanos de lugar de paso e pousada, e certamente polo medio do lugar e ao pé da capela pasa o camiño francés. Actualmente hai ventas ben montadas e xente que nelas atende o constante fluír de persoas en peregrinación. O entorno rural é fermosísimo, a capela, ben coidada, está secularmente acompañada pola baril presenza dun equipo de recios carballos.

Pois ben, quen miraba pola capela e pola festiña nela organizada era unha persoa cega, o Eladio. O cura que celebraba chamábase Xosé; velliño el, que respectuoso se achegou a nós para nos dicir, despois de se presentar: e que queredes tocar?; ao que respectuosamente tamén lle dixemos: aí, o que vostede diga (era para o momento de despois de alzar). O D. Xosé, ademais de velliño, tiña unha dificultade grande para pronunciar certas consoantes, co que custaba entendelo, a pesar do loable esforzo que facía por intentalo. Unha muller e un home leron cadansúa lectura, ben, con xeito e fervor. Dentro da capela, un pequeno grupo de persoas; fóra, nós, os músicos, unha ducia de veciños e veciñas e outra ducia de xente peregrina. O curiña misaba en castelán, aínda que cando dicía algo de seu, facíao en galego e en galego nos animou escoitar a invitación de Santiago a seguir a Xesús.

Achegueime a comungar vestido con roupas folclóricas e cun corazón contaxiado, ferido, arrequentado por aquela mostra de Igrexa, presidida polo Xesús das cousas pequenas, unha Igrexa

tan fráxil, pouco significante no número, nas formas, na perspectiva de futuro. Unha Igrexa en todo caso «remol»: brasiñas so a cinza, quentura agochada, a resultas de lumes anteriores, agardando ventadas fortes para se converter de novo en lapas. Quixen saudar ao curiña con afecto e agradecemento, pero, cando rematamos, xa marchara, poida que a celebrar outra Misa en semellantes condicións.

En fin, que somos Igrexa remol, e que esta Igrexa remol é a que vai atopar tamén ben representada na nosa diocese de Mondoñedo-Ferrol o noso novo bispo, Fernando García Cadiñanos, que xa o será cando vostede lea o que lendo está. Tocalle soprar, axudar a soprar forte, para que se erga un lume novo. Parabéns á nosa diocese por termos Bispo do trinque e cos bos aires que amosa!

Polo demais a outra Eucaristía, a do domingo 25 na catedral compostelá en honra do noso señor e servidor Santiago, malia a presenza real, malia se desenvolver entre dourados e esplendores dos máis variados tipos, malia os discursos sempre tan coidados, malia contar cun

público selecto segundo os criterios humanos, ... malia todo iso, ou quizais por todo iso, na medida en que pretendía ser memoria viva e actual da persoa, da causa, da comunidade, do fracaso e do éxito de Xesús de Nazaret, seguramente foi igualmente fráxil ou, se cadra, máis fráxil aínda, máis aínda unha Eucaristía remol, e xa non sería pouco. Quen sabe!

E despedímonos por hoxe. Non sen antes celebrar o anuncio da próxima beatificación dos mártires do Salvador: o mocete Nelson Rutilio Lemus, de 15 anos, o señor Manuel Solórzano, de 72, o cura italiano Cosme Spessott, e Rutilio Grande, tamén cura, o máis coñecido quizais, quen co seu martirio violento abriu os ollos e o corazón do bispo Oscar Arnulfo Romero para se decatar de como estaban sendo as cousas no seu país e de cal era a urxencia relixiosa que tal situación demandaba. Pouco despois tamén morrería en martirio violento. Grazas por eles. Que o seu testemuño nos aviveza.

Non sen antes tamén compartir a nova de que a partir de agora dispoñemos dos textos

litúrxicos en galego (breviario, misal e leccionario) na aplicación *Ibreviary*, grazas ao incansable esforzo do irmán de La Salle de Santiago Xosé Francisco Martínez Reboiras. O irmán Reboiras leva feito un traballo inmenso por posibilitar a normalización do galego na Igrexa galega; un traballo calado, constante, eficiente, que merece todo o noso agradecemento e, máis que nada, a nosa correspondencia convertendo en algo normal o uso do galego nas nosas celebracións, algo tan lóxico e simple e ao que tantos clérigos sobre todo lle dan as costas.

E non sen antes dicir unha palabra sobre a renuncia ao episcopado de Solsona do bispo Xavier Novell. Persoa, ao que parece, complexa, inestable, contradictoria (quen se sinta completo que tire a primeira pedra), digna, logo, de ser especialmente querida. Todo o noso respecto e apoio para quen considera que pon autenticidade na súa vida renunciando ao bispado e vinculándose afectivamente cunha muller, Silvia Cabañol, un paso nada doado. Ao tempo, a dita que é dispoñer dun bo acompañamento voca-

cional na vida e, pola contra, a mágoa que dá ver como se levan moitos procesos vocacionais e mesmo de nomeamentos de clérigos, carentes dun normal discernimento humano e cristián. Con ou sen celibato polo medio –máis con celibato, coidamos–, canto risco de sublimar, de espiritualizar mundos persoais revoltos, sen ousar ollalos de fronte e iluminalos,

e permitirles que catalicen a nosa existencia e nos convertan nuns supostos merdiñas ou superhomes (e mulleres), que non somos. O clericalismo, ao que parece, bebe e come moito diso. E o clericalismo está aí, á porta.

Apertas, amigas e amigos, e ata a vindeira. Paz e ben.

Manuel Regal Ledo